

**FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL  
RIEGO E A PLÁSTICA GALEGA**



POR

BEATRIZ LIZ DE CEA



*Na espera do amigo* é un dos exemplos da relación de Fernández del Riego co mundo artístico. Esta conexión circunscríbese ao ámbito da edición, a través dunha publicación limitada e enfocada a bibliófilos.

O texto recollido por Aguatinta en 1994 veu da iniciativa de Román Pereiro, editor e crítico de arte. Nesta pequena —e non por iso anódina— publicación, unificanse as letras de Fernández del Riego e a inconfundible personalidade das ilustracións de José Otero Abeledo, *Laxeiro*. Configúrase nela a unión do intelectual e o artista, unha ligazón que non é casual, senón froito dunha prolongada relación.

Cando Román Pereiro proxectou a publicación desta serie de libros, entrou en contacto con Laxeiro, quen se ofreceu a ilustrar a primeira edición. Foi o artista quen lle recomendou involucrar na iniciativa a Fernández del Riego, que xa era coñecido polo editor (Pereiro 2021: 121).

A presenza de Laxeiro e Del Riego no círculo de Román Pereiro sitúase no ambiente da quinta do Toutizal. Un grupo de artistas plásticos e líricos reuníase en agosto na ineludible cita chamada Baiona Horizonte Atlántico. A ela acudían moitos dos artistas do denominado grupo Atlántica e outros, non inmersos no grupo, que compartían a mesma intención renovadora. Menchu Lamas, Antón Patiño, Antón Goyanes, Xosé Telmo Lodeiro, Berta Cáccamo, Din Matamoro ou Silverio Rivas, entre moitos outros, déronse cita nestas reunións. Nelas conxugábase a poesía de Carlos Oroza, María do Carme Kruckenberg, Manuel Forcadela... coas visións plásticas dos artistas

presentes. Como consecuencia, saíron os correspondentes catálogos que reflectían o resultado das mesturas.

Fernández del Riego non foi mero espectador destas reunións. Colaborou activamente no cartafol de remate do ciclo de encontros cun texto recompilatorio. Participar activamente, a través da escrita, no ámbito da plástica non era unha novidade. A visión audaz para identificar proxectos renovadores, tampouco. Fernández del Riego viña contribuíndo desde moi cedo á difusión de novas propostas da arte galega. Situado no escenario de Baiona non é, polo tanto, fóra do común.

Del Riego e Román Pereiro xa coincidiran noutras actividades relacionadas coa plástica dos máis novos. No entanto, estas non foron as únicas, houbo outros encontros, estes relacionados con pintores de renome como Colmeiro e Laxeiro. A presenza nos dous contornos, cos artistas novos e cos consolidados, revela o indiscutible. Fernández del Riego foi un home que soubo atender á contemporaneidade: a xeracional, propia do seu tempo, e a da actualidade vivida, dada a súa lonxevidade.

A conxunción entre Laxeiro e Fernández del Riego non é, reiteramos, unha coincidencia fortuíta. Que o pintor lle recomendase a Pereiro que falase co intelectual é consecuencia, como dixemos, dunha estreita e antiga relación.

En maio de 1954 Laxeiro presentaba na Facultade de Filosofía e Letras compostelá unha serie de óleos e debuxos. A mostra chamou a atención do círculo intelectual do momento, sempre atento ás novas propostas. Os xornais tamén se fixeron eco do éxito do pintor. Artigos en profundidade trataron a obra de Laxeiro, entre eles os asinados

por Johan Carballeira e Fernández del Riego. Ambos afirman nos seus artigos a excepcionalidade do pintor, o estilo único e a súa inclusión no círculo dos artistas renovadores: Colmeiro, Maside e Arturo Souto. Este artigo é tan só un dos moitos que asinou Fernández del Riego en relación coa arte galega.

Na biografía do intelectual adóitase salientar, como é lóxico, o labor de recuperación da cultura galega no mundo editorial e historiográfico. Non é doado realizar un compendio das accións emprendidas que puxeron en valor a nosa cultura, en especial a lingua e a literatura. Son de sobra coñecidas para nós.

Previamente á barbarie da Guerra Civil, situamos a Del Riego en multitude de actividades: representante universitario, membro da Federación de Mocidades Galeguistas e posteriormente militante do Partido Galeguista, secretario do grupo Ultreya, colaborador co Seminario de Estudos Galegos, membro do Consello de Galeuzca, colaborador en *Vallibria*, *Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, *Nós*, *Galiza*... Esta intensa actividade cultural e política verase truncada pola sublevación militar do 18 de xullo, mais isto, a pesar das dificultades, non freou ao loitador. A partir da década de 1940 o nome de Fernández del Riego, agochado en pseudónimos, retornará ás páxinas dos xornais, tanto en Galicia como no exterior. Co seu indiscutible pulo puxo en marcha a Editorial Galaxia (1950) e a revista *Grial* (1951), que durou apenas catro números. Ingresou na Real Academia Galega (1960), que chegou a presidir en 1997, e instaurou o Día das Letras Galegas (1963). Nese mesmo ano participou na creación da Fun-

dación Penzol, a cal presidiu ata o seu pasamento, e retomou, xunto a Ramón Piñeiro, a revista *Grial*. Un ano e tres grandes fitos dos que se fan este 2023 sesenta anos.

As grandes tarefas que levou a cabo Fernández del Riego recóllense en dúas autobiografías: *O río do tempo* (1990) e *Camiño andado* (2003). Outros moitos estudos recollen a importancia do seu traballo ao longo da súa traectoria, en publicacións recentes: *Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia* (Malores Villanueva, 2023), *Francisco Fernández del Riego. Vida e obra dun obreiro do galeguismo* (Ramón Nicolás, 2023) ou *Francisco Fernández del Riego. O legado silandeiro* (Héctor Cajaraville, 2022). Sen dúbida, Fernández del Riego é unha das personalidades máis salientables da cultura galega do século XX. Neste senso, considerámolo un auténtico humanista da súa época, un intelectual completo. Non houbo tema relacionado coa cultura galega ao que non atendese.

A plástica non quedou relegada da tarefa de posta en valor e recuperación cultural, non só pola súa relación persoal cos artistas, senón tamén pola inclusión da plástica galega, e a arquitectura ás veces, como outro dos eixes culturais que recuperar. Entendeu perfectamente a non-compartimentación das prácticas culturais no contexto xeral de Galicia. Desde as primeiras intervencións xornalísticas amosa alusións á arte. Abórdaa directa e profusamente a partir dos anos trinta, establecendo unha relación estreita no persoal e tamén no profesional cos artistas do momento.

É necesario contextualizar, previamente, a situación da arte galega desde finais dos anos vinte. A partir destes anos e, sobre todo, ben entrados os anos trinta, a arte galega tivo un momento de intensa revisión. Un grupo de artistas iniciaba a renovación dos postulados existentes inxectando unha linguaxe de modernidade, que miraba cara a Europa; agora ben, sen esquecer a tradición e a identidade autóctona (López Bernárdez 2021: 89). Neste grupo encadramos os «maiores», Carlos Maside e Xosé Eiroa, e outros un pouco máis novos, como Colmeiro, Arturo Souto, Seoane e Laxeiro. Nas súas obras vese un claro rexeitamento da anécdota, da Galicia «amable», para mostrar, na gran maioría dos casos, a realidade social existente.

Neste senso temos que facer clara alusión á arte de Castelao, que xa marcara desde moito tempo antes a función social e crítica na arte. Castelao non tiña «vocación de estupefacente», tal como se recolle na resposta do artista cando lle preguntaron a razón da tristeza da súa arte (Pérez 1988: 213). Os artistas que o seguiron entenderon á perfección ao que se refería; son os chamados renovadores ou os Novos.

Neste contexto encontramos a Fernández del Riego. Os aires de cambio non só atanguían ao político, ao social, senón tamén ao cultural e, como non, á plástica. O compromiso co galeguismo foi levado a todos os ámbitos, e, inmerso neste ambiente, Del Riego mirou cara á arte con rigorosidade, sensibilidade e pleno entendemento dos vieiros que comezaba a percorrer.

Fernández del Riego adquire ese compromiso nos anos trinta, como el mesmo recoñecería, froito das experiencias persoais vividas na capital. É en Madrid onde entra en contacto con algúns dos artistas cos que compartirá os mesmos ideais. Maside, Urbano Lugrís e Federico Ribas cruzáronse con el, en maior ou menor medida, arredor do faladoiro do café Granja El Henar.

A súa chegada á cidade compostelá foi decisiva para o sentir galeguista universitario. Poderíamos dicir que alí Fernández del Riego pasou da teoría á práctica. Destacou decontado como articulista e orador no ámbito universitario, nas Mocidades Galeguistas e con posterioridade no Partido Galeguista.

Neste escenario fórxanse ligazóns de gran magnitude que perdurarán ao longo da súa vida. No seu círculo intelectual están Carlos Maside, Luís Seoane e Xosé Eiroa, asistentes, canda el, ao faladoiro do Café Español. Se temos en conta esta conexión vital, non é aventurado afirmar que Fernández del Riego non foi alleo ao debate artístico da época.

O 17 de xullo de 1933 o intelectual pronuncia no Centro Galeguista de Vigo a primeira conferencia con referencias á plástica galega. Co título «Índice cultural e artístico do Renacimiento galego», expón un estudo sobre o movemento cultural galego. Preséntase, como el mesmo di, «coa forza do sopro instintivo que respalda o temperamento e a intuición dun mozo universitario da Galicia nova» (Fernández del Riego 1933: 184). É a voz da mocidade compostelá que facía un compendio do estado da cultura do seu tempo. Esta conferencia é recollida na



revista *Nós*; nela, dedícase un apartado á pintura e outro á escultura.

A pintura aitual galega caraiterízase pol o seu senso racial. Os pintores de ista hora fan o arte puro apoiándose apaixonadamente no trampolín da vida galega. Os pintores novos da Galicia saben atopar aquí materia pra construír unha lingua universal. Crean pensando na cultura galega e buscan a materia no vivir galego. Pero pensar pra cultura galega, traballar pra ela, siñifica colaborar no seu avance. E isto equival a facer porque día o paso que hoxe debe de dar. Tal é, e tal aparez a laboura limpa do máis representativo do noso arte presente. (Fernández del Riego 1935: 226)

Unha breve recensión de pintores pon de manifesto as consideracións do conferenciante respecto á *arte nova*. Castelao, Arturo Souto, Colmeiro, Maside e Luís Seoane son atendidos con maior profundidade. Nomea tamén a Ben e Bóo<sup>1</sup>, Landín<sup>2</sup>, Manuel Torres e os que considera promesas da arte: Laxeiro, Granell e Castro Arines. No apartado de escultura atende sobre todo á obra de Xosé Eiroa como o representante máis xenuíno.

---

1. Carlos Maside, Álvaro Cunqueiro e Arturo Cuadrado trataron e reivindicaron a proposta novidosa deste pintor cando presentou a súa primeira mostra na Sala Liste de Santiago de Compostela o 16 de abril de 1935. A mostra era conxunta co pintor Landín. Un debuxo de Ben e Bóo feito por Seoane e outro de Landín feito por Maside ilustraron a noticia da inauguración. Ben e Bóo faleceu tan só uns días despois deste acto.

2. Garda municipal de profesión, espertou o interese de Carlos Maside. Ánxel Fole e Arturo Cuadrado dedicáronlle tamén artigos de considerable extensión.

Tan só uns días despois desta conferencia volve novamente tratar a arte, nesta ocasión con motivo da inauguración do I Salón de Belas Artes Ultreya. Fernández del Riego é nomeado secretario xeral de Ultreya, fundado por Álvaro de las Casas en febreiro de 1932. Como representante do grupo, encárgase do relatorio inaugural desta primeira mostra, á que acudiron moitos artistas mozos; entre eles os que identifica como promesas na conferencia do Centro Galeguista, os mencionados Granell<sup>3</sup> e Castro Arines, e tamén o fillo de Camilo Díaz Baliño, Isaac Díaz Pardo.

Dous retratos da época reproducen este momento da biografía de Fernández del Riego. O primeiro, case descoñecido, asinado por Castro Arines, con dedicatoria «A del Riego agarimosamente de Castro Arines 33». O segundo, tamén dedicado, asínao o seu amigo Seoane. O debuxo, de tamaño considerable, inmortaliza a Fernández del Riego coa insignia do tríscele de Ultreya na solapa.

A intensidade con que o intelectual atende ás manifestacións artísticas é clara nesta etapa. O ano seguinte da exposición dos Ultreya escribe, como xa dixemos, sobre a presenza de Laxeiro no panorama artístico. No Ateneo de Vigo tamén dá unha conferencia, esta vez na presentación da obra de Virxilio Blanco. Esta disertación, tamén publicada con posterioridade na revista *Nós* (Fernández del Riego 1935: 51-58), revela unha douta formación artística. Titúlase «Presencia de Galicia nos vieiros da arte nova» e

---

3. Fernández del Riego dedicoulle un artigo en *El Pueblo Gallego* o 19 de xaneiro dese mesmo ano, con motivo da exposición que a nova promesa presentara na Sala Liste de Santiago. Esta recensión é a primeira con certa importancia nos xornais sobre Mario F. Granell.

o propio encabezamento é unha clara declaración do seu pensamento. A arte nova, é dicir, a arte renovadora, é o tema central do conferenciante. No discurso dá unha «ollada descritiva» á arte universal para encadeala coa arte galega en particular. Este relatorio non é trivial. Ao respecto, enfía os conceptos de universalismo e nacionalismo, entendendo o nacionalismo como partes orgánicas da humanidade.

As nacións, pois, son órgaos da humanidade con misións que cumprir. A de Galicia chega e por eso rexurde. Veleiquí por qué se armoñizan perfectamente os dous conceptos que citaba denanteriormente e que poden parecer tan disímiles, tanto na pintura coma en calqueira outra manifestación do espírito, nacionalismo e universalismo. Nacionalismo e universalismo que se funden nunha mesma impresión de progreso e de aitalidade. (Fernández del Riego 1935: 55)

A idea dos renovadores, unha arte que bebe da tradición galega, atópase implícita aquí; agora ben, esta raíz trasládase cunha linguaxe universal e contemporánea.

En canto á idea do arte, pode afirmarse que en Galicia hai un Arte propio, un Arte galego que ten de perdurar indefectiblemente ao traveso dos tempos e das innovacións, porque se esta sedimentando nun efectivo progreso do mundo, porque os artistas que o componen non viven de recetas concendendolle todo aos gustos do público, sinón que manteñen, pol-a contra, unha traieitoria nova e valente, aínda eispondose, como na realidade pasa, a que os espíritos záfios e aldeans con unha desconfianza

e unha priguiza mental verdadeiramente exemprar, a tachen de camelo, cando non con insultos e vergonentos xuicios adversos. (Fernández del Riego 1935: 55)

Virxilio Blanco é citado como un destes artistas valentes, que traballa na modernidade cunha «fonda raizame galega». Dous óleos de excepcional factura e un gravado serven como testemuño da inclinación que o escritor tivo respecto á obra de Virxilio Blanco.

A relación co artista semella comezar neste ano 1935 e perdurar ata a prematura morte do pintor en 1948. Un dos derradeiros cadros pintados por Virxilio, unha vista da catedral de Santiago de Compostela, foi adquirido polo intelectual tan só uns meses antes do pasamento do pintor<sup>4</sup>.

A participación de Fernández del Riego en relatorios relacionados coa plástica repítese un ano máis tarde. Forma parte do elenco de conferenciantes convidados á Semana Cultural Galega en Porto. O 1 de abril de 1935 presenta o seu discurso na Casa Museu Teixeira Lopes, co título «A nova arte galega» (Soeiro 2016: 106). O guión deste atópase no Arquivo de Fernández del Riego.

A sublevación militar e os avatares aos que o intelectual tivo que enfrontarse produciron un cesamento de todas as accións acometidas con anterioridade. Pasada a guerra, recalca na cidade de Vigo. Fernández del Riego intégrase no bufete de Valentín Paz-Andrade. Comeza a

---

4. Nunha carta enviada por Fernández del Riego a Luís Seoane o 6 de outubro de 1948, infórmao do pasamento do pintor e de como, tan só uns días antes da súa morte, adquirira unha das súas derradeiras pinturas (Consello da Cultura Galega, Proxecto Epístola, Fondo Luís Seoane).

colaborar e dirixir a revista *Industrias Pesqueras*. Baixo o pseudónimo de Salvador de Lorenzana volve escribir en *El Correo Gallego*, *El Pueblo Gallego* e *La Noche*. Neste último principia unha colaboración semanal titulada «Un tema galego cada semana»<sup>5</sup>. É nesta columna, sobre todo, onde retorna a divulgar e defender a arte galega.

O 14 de outubro de 1947 sae o artigo «La pintura actual en Galicia» e nel aborda cunha fonda análise o panorama artístico existente. É de tal extensión que ten continuidade en tres artigos posteriores, o día 20 do mesmo mes e os días 4 e 10 de novembro. O primeiro artigo introduce ao lector na pintura rexionalista e sinala aqueles artistas que traballan afastados de Galicia: Souto, Colmeiro e Seoane (os tres no exilio). Nos posteriores, aborda a obra de Carlos Maside, Laxeiro e Manuel Pesqueira (20 de novembro), de Manolo Torres, Virxilio Blanco e Julia Minguillón (4 de novembro), e de Díaz Pardo e Prego de Oliver (10 de novembro). O feito de distribuír estes artistas en artigos diferentes revela a percepción que o intelectual tiña sobre a súa pintura. Diferencia con claridade o estilo dos renovadores e o dos máis académicos ou arredados das ideas da arte dos *novos*.

O retorno á análise da situación da arte galega hai que poñelo no contexto do revitalizado vínculo con Carlos Maside, en Vigo, e con Luís Seoane, no exilio en Bos Aires. Con este último comeza unha intensa relación epistolar. A preocupación pola continuidade da arte que iniciaran os renovadores está perfectamente recollida nestas cartas.

---

5. Con posterioridade tamén na columna titulada «Atalaya de Galicia».

«A pintura actual en Galicia» é, de feito, un artigo demandado por Luís Seoane desde Bos Aires para ser publicado na revista *Galicia*. Del Riego envía inicialmente a *La Noche* e sae con posterioridade na revista da emigración mencionada. Este será o inicio da intensa colaboración do intelectual mantida co exilio e a emigración galega en Bos Aires, con Seoane como interlocutor de excepción.

Será na capital bonaerense onde se publique o primeiro libro de Fernández del Riego: *Cos ollos do noso espírito* (1949). Seguiranlle *Galicia no espello* (1954) e *Galicia y nuestro tiempo* (1959). A colaboración na prensa do exilio é sobradamente coñecida, tanto en Bos Aires como en México e Venezuela, de aí que Fernández del Riego sexa denominado ás veces o «correspondente en América». No entanto, con respecto á colaboración con Seoane, non só quedou na escrita. Nunha pequena escala realizada en Vigo, cando Seoane retornaba de París cara a Bos Aires, ten un breve encontro con Maside, Laxeiro e Fernández del Riego. O artista no exilio coñece nese momento, de primeira man, a obra que Maside e Laxeiro están a realizar. Impresionado co seu labor, idea unha mostra de ambos en Bos Aires. Tan pronto chega ao seu destino, o 2 de xaneiro de 1950, Seoane solicítalle por carta a Fernández del Riego que lle envíe textos sobre os dous artistas.

Tambien necesito que me envíes como «Ronsel» de tus noticias para el Centro Gallego dos o tres cuartillas sobre Maside y Laxeiro tratandolos por separado y en castellano.

Si tienen alguna nueva foto que te la den. Envía todo al C. Gallego. Estas cuartillas tuyas sobre Maside y Laxeiro haz-las llegar urgentemente, para formar parte de un plan de preparación de una exposición de los dos aquí. Por favor no hables con nadie de esto pues tanto puede tener éxito, como fracasar. (Consello da Cultura Galega, Proxecto Epístola, Fondo Luís Seoane)

Andada a idea, o Centro Galego de Bos Aires designará a Fernández del Riego, xunto a Valentín Paz-Andrade, como nexos en Galicia para levar a cabo a selección de artistas. Contaron para esta tarefa cun asesor de excepción, Carlos Maside. Seoane, desde o outro lado do Atlántico, organizaba a mostra no lugar de recepción das obras.

Maside, Laxeiro e Julia Minguillón (esta malia a oposición de Seoane e por imposición do Centro Galego) foron os artistas inicialmente propostos. Uníronse con posterioridade Manuel Pesqueira, Díaz Pardo, Prego de Oliver e o escultor Faílde. Todo o proceso que suscitou a organización —a selección e visitas aos artistas, a correspondencia de ida e volta e os trámites de embarque das obras para América— pon de manifesto as dificultades existentes para a súa consecución. Pola contra, a experiencia veu intensificar os artigos relacionados coa arte nos xornais.

A mostra foi, ademais, unha porta aberta para Laxeiro, que marchou a Bos Aires con motivo da inauguración. Fernández del Riego foi quen lle comunicou a Luís Seoane o desexo do artista de marchar, e este xestionou co Centro Galego de Bos Aires a invitación que lle permitiría saír do

país. Laxeiro non retornaría a Galicia con carácter definitivo ata o ano 1971.

Neste momento cronolóxico, Fernández del Riego comezou a dirixir xunto a Xaime Isla o *Suplemento del Sábado* de *La Noche*. Este semanario cultural, aínda que tivo un percorrido moi breve, foi fundamental. Supuxo unha plataforma para textos dedicados á cultura galega e, sobre todo, foi o xerme da creación da posterior Editorial Galaxia, empresa á que se sumou Ramón Piñeiro.

A editorial procurou desde os seus inicios un «estilo galego de edición» (Fernández del Riego 1994: 207). Do asesoramento artístico encargouse inicialmente Carlos Maside e posteriormente Xohán Ledo. Este último realizou o debuxo que existe na colección municipal doada por Fernández del Riego, ilustrativo do primeiro equipo directivo da editorial.

Galaxia foi plataforma e soporte para a pintura galega. Por unha banda incluía, como xa fixeran Seoane e Cuadrado nas editoriais fundadas no exilio (Barro 2021: 97), ilustracións de artistas de importancia. Arredor da editorial atopamos publicacións acompañadas de ilustracións de Maside, Prego de Oliver, Laxeiro, Seoane, Xohán Ledo...

Por outra banda, difundiu con intensidade a arte galega por medio de estudos monográficos e críticos. En 1951 aparece o primeiro *Caderno Grial*, publicación que aglutinaba estudos críticos de diferentes autores respecto a un tema. Viña deste xeito fornecer a necesaria tarefa de recuperación da cultura galega. O segundo caderno titúlase *La pintura actual en Galicia*. Temos que salientar que o título



é o mesmo que o do artigo de *La Noche*. Maside, Seoane, Xohán Ledo e o propio Fernández del Riego, entre outros, escribiron na publicación. Nela tamén se inclúe unha enquisa a pintores, o que contribuíu a dar unha perspectiva do panorama da pintura contemporánea.

Coa mesma intención divulgadora saen as *Monografías de arte novo*, cuxas portadas son deseñadas por Luís Seoane. A mesma denominación encerra a importancia dada á arte renovadora galega. As de Maside (1954), Colmeiro (1954), Seoane (1954) e o esquecido escultor Eiroa (1957), morto prematuramente en 1935, foron as monografías que viñeron cubrir a falla de estudos sobre eles. Permitiron, ademais, o coñecemento da obra de dous pintores no exilio, como era o caso de Colmeiro e Seoane.

A relación cos artistas do exilio tivo, como xa dixemos, un nexa indiscutible en Seoane. Colmeiro, que estivera en Bos Aires desde xaneiro de 1937, instalárase en París en 1949. Fernández del Riego visitouno en 1953, e a Seoane un ano despois, convidado polo Centro Galego de Bos Aires. Ambas as relacións, malia o arredamento, continuarán ata o pasamento dos dous pintores.

Con respecto a Manuel Colmeiro, é necesario tamén destacar a participación de Fernández del Riego no que Colmeiro denomina «mis actividades». Refírese á divulgación que o intelectual facía da súa obra nos xornais galegos e tamén á xestión de Fernández del Riego dos cadros que Colmeiro pintaba durante as breves estadias en Galicia (algunhas na casa estival de Fernández del Riego) e que, despois, deixaba para ser vendidos.

París 31 de xaneiro de 1952.

Querido Paco: Aproveitei ista de Valentín para escribirche unhas letras. Supoño tanto ti como Valentín xa estaredes un pouco cansados de mostrar os meus cadros e dibuxos, pídoche fagas o favor de gardalos e non os ensinar mais a ninguén ata eu volva para ahí e logo xa veremos que se pode facer; pídoche que tomes esto de non os ensinar a niquen, sexa quen sexa o pé da letra<sup>6</sup>.

Non esquecemos a relación con outros dous artistas no exilio: o irmán Daniel e Arturo Souto. No entanto, a relación de Fernández del Riego con eles foi, no caso do primeiro, máis relacionada co ámbito político, e no segundo, coa súa colaboración na revista *Vieiros*, publicada en México.

O pasamento de Castelao, o 7 de xaneiro de 1950, impediu o posible reencontro durante a viaxe a Bos Aires en xullo de 1953. Recibido por Seoane, Laxeiro e Colmeiro, o intelectual realiza unha serie de conferencias de ámbito galeguista; a máis destacada, a lida en homenaxe a Castelao, diante da sepultura no cemiterio da Chacarita.

Na colección artística de Fernández del Riego consérvanse varias pezas de Castelao, ademais dunha das máscaras feitas para a representación do pobo, da obra *Os vellos non deben de namorarse*, unha peza de cristal e tres debuxos. Un deles, realizado en 1908, ten como título *A*

---

6. Esta carta atópase exposta no Museo Francisco Fernández del Riego. Forma parte do arquivo persoal do intelectual, custodiado na Casa Galega da Cultura, en Vigo.

*volta do Ché*. Implícito nel está o tema da emigración. En contraposición ao conto *Na espera do amigo*, mostra ao emigrante retornado contando a súa experiencia arredor dunha lareira. Semella un indiano que regresa cargado de éxito e riqueza. No entanto, o debuxo é unha crítica clara. A actitude dos campesiños oíntes, a excepción do home, fai pensar que o relato é unha loitada.

Todos os artistas con certa relevancia, próximos á xeración de Fernández del Riego, foron tratados nos seus textos; algúns, inmersos na renovación e xa citados con anterioridade: Maside, Seoane, Manuel Colmeiro, Laxeiro, Manuel Pesqueira, Manuel Torres, Virxilio Blanco. A excepción de Pesqueira, todos retrataron a Fernández del Riego, e no caso de Seoane e Maside fixérono en máis dunha ocasión.

Aínda que os renovadores teñen unha relevante presenza no seu labor de divulgación e na súa colección, o intelectual non cinguiu a súa inclinación tan só a eles. Estivo atento ás novas incorporacións na arte, aínda que estas se afastasen dos ideais da arte nova. Julia Minguillón, a quen coñecía desde moza, foi defendida con acerto, malia o seu estilo aparentemente máis «académico». Un espléndido retrato de Fernández del Riego foi realizado pola autora en 1950, cadro que o intelectual tivo sempre en grande estima.

Isaac Díaz Pardo foi mencionado a Seoane como un pintor interesante. Cando o fillo de Camilo Díaz Balaño emigrou a Arxentina, entrou en contacto con el. Crearase o magnífico binomio que dará lugar ás fábricas de cerámica La Magdalena en Arxentina e Sargadelos en Sada, así

como ao posterior Museo Carlos Maside e o Laboratorio de Formas, proxectos en que Fernández del Riego tivo tamén participación indirecta. Non é de estrañar, neste senso, que Fernández del Riego formase parte do padroado do Museo Carlos Maside. Xunto a outros intelectuais, contribuíu ao regreso do patrimonio artístico realizado no exilio, un labor de recuperación da memoria histórica necesaria tras a desmemoria (intencionada) da ditadura (Ledo Arias 2016: 126).

No contexto do Vigo da posguerra restitúese a relación con Mario F. Granell e Urbano Lugrís. Fernández del Riego destacara o estilo único e diferenciado de ambos os dous dentro do panorama artístico da época.

As novas xeracións tampouco foron alleas a Fernández del Riego. Comezando polas mulleres, hai referencias do coñecemento da obra de María Antonia Dans, aínda que a obra dela non entrará a formar parte da súa colección. Mercedes Ruibal, cuxa obra coñeceu a través de Laxeiro e Seoane, e a escultora Elena Colmeiro, filla de Manuel Colmeiro, si forman parte da súa colección artística. Con ambas estableceu un estreita relación, seguiu a evolución da súa obra e tratou sobre elas nos seus artigos<sup>7</sup>.

Leopoldo Nóvoa, Ángel Sevillano, Din Matamoro, Xosé Guillermo, Pulido, Álex Vázquez..., unha extensa lista de novos artistas chegou ao círculo de Fernández del Riego

---

7. Fernández del Riego e a súa dona, Evelina Hervella, recibiron no porto de Vigo a Elena Colmeiro en novembro de 1954. O escritor xa tratara a obra que estaba a realizar a escultora en Bos Aires e dará conta dela, novamente, na primeira exposición de Elena Colmeiro na Galería Velázquez de Vigo, en febreiro de 1956.

nun momento en que o intelectual xa era un referente do galeguismo.

Soubo mirar o tempo vivido. A contemporaneidade. Foi quen de tecer fíos condutores entre o exilio e a Galicia censurada. Con posterioridade foi tamén nexo entre xeracións cronoloxicamente distanciadas. Esta posición é froito da responsabilidade con que asumiu o seu compromiso coa cultura galega desde un principio. Un compromiso que levou en moitas ocasións coa maior das humildades, traballando nas tebras, sen procurar máis recoñecemento que o da tarefa ben feita.

Doei en vida e non leguei para despois de finado, libros e cadros para que non se crebase unha traxectoria longa de servizo a Galicia. Quixen así chegar ó remate sendo fiel ós principios que inspiraron o decorrer da miña existencia. Se durante máis de setenta anos traballei arreo no empeño de servir ó meu país, tiña que ser consecuente no final. Por iso fixen entrega para o futuro o que tanto amei. Canto fun reunindo con agarimo, con ilusión, durante o meu dilatado vivir. Escollín o pobo de Vigo como receptor, porque nesta cidade refixen un andar esperanzado, que o drama da guerra civil tronzara. A ela lle debo inesquecible asistencia na recuperación. (Fernández del Riego 2003: 144)

Fernández del Riego fixo doazón da súa biblioteca, arquivo e colección artística en 1995 ao Concello de Vigo e decidiu que se instalasen no edificio da Casa Galega da Cultura, que albergaba xa a Fundación Penzol, creada en 1963. O intelectual presidiu esta fundación desde a súa

creación ata o seu pasamento e foi o artífice do seu traslado a esa localización en 1985.

A colección artística inclúe 79 obras plásticas que van desde debuxos de Ovidio Murguía de finais do século XIX ata un óleo de Din Matamoro de 1986. É de interese resaltar que algunhas das obras doadas por Fernández del Riego conseguiron cubrir «ocos» que non tiñan representación na colección municipal de Vigo. Aínda que a pequena escala, o citado Ovidio Murguía, da Xeración Doente, tan só está representado no Museo Francisco Fernández del Riego. Hai tamén unha litografía de Picasso, adquirida na súa viaxe a París, que supón, dentro da súa orde, unha grande excepcionalidade. Pezas pouco habituais tamén se inclúen nesta colección tan persoal, como unha cabaza xacobeira datada de finais do século XVII e un taco de madeira gravado coa imaxe do apóstolo Santiago.

A fotografía tamén ten o seu espazo: José Suárez, Xurxo Gil ou Xurxo Lobato, entre outros, forman parte do conxunto.

En 1997 inaugurouse o Museo Francisco Fernández del Riego e ao acto inaugural asistiron Isaac Díaz Pardo e Manuel Colmeiro. No encontro entre Isaac Díaz Pardo e Fernández del Riego, a conversa sobre a arte foi o tema fundamental (Armesto 1997: 87). Manuel Colmeiro posaba diante do cadro titulado *Feira*, da súa autoría, e eloxiaba a beleza da colección. Ambos os artistas destacaban a importancia do legado de Fernández del Riego, non só en canto ao material, senón tamén en canto ao labor realizado a prol da cultura galega e, en particular, da arte.

Se miramos a colección coa perspectiva do tempo, é clara a relación de Fernández del Riego coa arte galega. Coñeceu de primeira man as dúas grandes renovacións da historia da arte galega do século XX: a dos renovadores dos anos trinta e o grupo Atlántica nos oitenta<sup>8</sup>. A súa vinculación coa arte, con maior ou menor intensidade, estivo presente ao longo da súa vida.

Fernández del Riego faleceu en Vigo o 26 de novembro de 2010. Tiña 97 anos. Tras o seu pasamento a colección que xa doara en vida incrementouse con máis obxectos artísticos.

O conxunto desta colección é necesario entendelo máis aló do amoreamento dun coleccionista típico, motivado por cuestións de investimento ou prestixio social. Reflicte a propia personalidade do intelectual, as súas relacións coa plástica galega, o compromiso que mantivo con ela e que estaba dentro dun compromiso global: Galicia. É, como ben afirmou Rosario Sarmiento, a «testemuña dunha vida» (Sarmiento 2021).

Acaso este sexa o punto de vista máis acertado para achegarse a esta colección, sen esquecer o seu valor artístico. Conforman un legado patrimonial de excepción, que transloce a preocupación constante do intelectual por recuperar e conservar o legado cultural de Galicia. Ao mesmo tempo que desenvolvía un labor de estudo e divulgación da arte galega, foi quen de crear a colección artística que o reflectía. Pode que fose un dos intelectuais que albergou a maior cantidade de retratos asinados por artis-

---

8. Tamén entra en contacto cos chamados *artistiñas* dos anos sesenta.

tas de renome. Polo menos ata a data, non se ten constancia de que Fernández del Riego fixese encargo expreso de ningún. Foron creados como deferencia dos artistas cos que tivo unha forte ligazón.

Cada cadro, cada obxecto, cada escultura... teñen unha historia íntima e persoal, mais tamén unha angueira constante e teimuda: a defensa dunha arte con identidade propia. Foi esta unha das tantas facetas que nos legou o intelectual. Como Isaac Díaz Pardo exclamou no acto inaugural do Museo Francisco Fernández del Riego, foi unha de tantas débedas que Galicia ten coa súa persoa.



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARMESTO FAGINAS, Xosé Francisco (1997): «Polas ribeiras dos ríos do tempo de Fernández del Riego e Isaac Díaz Pardo», en VV. AA., *Museo Francisco Fernández del Riego. Colección de arte galega*, Vigo, Concello de Vigo, 87-90.
- BARRO LÓPEZ, David (2021): «A proxección da plástica galega. Galaxia e Grial», en VV. AA., *Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega*, Vigo, Concello de Vigo, 96-104.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1933): «Índice cultural e artístico do Renacimiento galego», *Nós*, 117, Santiago de Compostela, 184-188.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1933): «Índice cultural e artístico do Renacimiento galego (proseguimento)», *Nós*, 118, Santiago de Compostela, 224-228.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1935): «Presencia de Galicia nos vieiros da arte nova», *Nós*, 135, Santiago de Compostela, 51-58.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1994): *O río do tempo*, Sada, Edicións do Castro.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (2003): *Camiño andado*, Vigo, Editorial Galaxia.
- LEDO ARIAS, Agar (2016): «Museo Carlos Maside. O relato da outra historia», *Grial. Revista Galega de Cultura*, 54:209, Vigo, 125-135.
- LIZ DE CEA, Beatriz (2021): «Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega», en VV. AA., *Francisco*

- Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega*, Vigo, Concello de Vigo, 9-43.
- LÓPEZ BERNÁRDEZ, Carlos (2021): «A arte galega na Compostela da II República: compromiso social e renovación estética», en VV. AA., *Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega*, Vigo, Concello de Vigo, 88-95.
- PEREIRO ALONSO, Román (2021): «Algúns retrincos con D. Paco», en VV. AA., *Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega*, Vigo, Concello de Vigo, 112-123.
- PÉREZ PRIETO, Victorino (1988): *A xeración Nós. Galeguismo e relixión*, Vigo, Editorial Galaxia.
- SARMIENTO ESCALONA, Rosario (2021): «A arte coma testemuña dunha vida», en VV. AA., *Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega*, Vigo, Concello de Vigo, 106-111.
- SOEIRO, Teresa (2016): «Galiza no Porto: evocacao da *Semana Cultural Galega de 1935*», *Portvgalia*, Nova Serie, 37, Porto, 89-129.

## SUMARIO

5

LIMIAR

POR ROSARIO ÁLVAREZ

13

ESTUDOS

15

CONTANDO UN CONTO

ROMÁN PEREIRO ALONSO

23

DON PACO, UN HOME DA CASA, UN HOME DA CAUSA

XOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ

47

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO E A ARTE GALEGA

DESDE O VIGO DA POSGUERRA

CARLOS L. BERNÁRDEZ

71

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO E A PLÁSTICA GALEGA

BEATRIZ LIZ DE CEA